



MUSEO DE SAN PAIO DE NARLA NA REDE MUSEÍSTICA: A PARTICIPACIÓN NO MUSEO, UN PROCESO DE CONSTRUCCIÓN COMUNITARIA

Encarna Lago González

Calquera formulación museolóxica debe ter en conta: contedor, contido (coleccións), profesionais e comunidade.

Comezando polo contedor e contido do museo, a fortaleza de San Paio de Narla preséntase como un edificio singular habitado polos recordos que retrotraen ó visitante ata o século XIV, século do que son os primeiros documentos que fan referencia á primitiva Torre de Xiá. Un edificio composto por diferentes elementos que abarcan varios séculos (do XVI ó XIX) reaproveitando materiais medievais.

A finais do século XIX, logo de ter arrendada a Torre ó párroco de Xiá, os Campomanes véndena á familia Novo, os cales serían propietarios ata 1939, ano no que a volven vender a un novo comprador, quen tiña a intención de demolela e aproveitar a pedra. A xestión de Vázquez Seijas, daquela Interventor da Deputación Provincial e Secretario da Xunta do museo, conseguiu salvar a Fortaleza do derribamento. Foi entón cando a Fortaleza é adquirida pola Deputación Provincial en setembro de 1939.

O edificio do museo está composto por tres corpos (Torre da Homenaxe, corpo central e torreón) e unha capela exterior.



Fig. 1. Vista exterior do Museo Fortaleza San Paio de Narla

A planta baixa acolle diferentes coleccións relacionadas coa agricultura e cos oficios tradicionais (cesteiros, zoqueiros...). Nas cortes dos cabalos instaláronse cadeiras de man e de montar a cabalo e na adega móstranse os elementos propios desta dependencia (pellos, prensadores de uvas, medidas de viño...). A primeira planta componse dunha cociña na que se encontran tres elementos da construción primitiva: a lareira, o forno e o servizo hixiénico, ademais de mobiliario típico da cociña galega, cerámica, ferros de pasar, etc.; un salón cunha gran ventá con "parladoiros" e unha cheminea renacentista; a sala do tear; un escritorio e un dormitorio. O primeiro e segundo piso da Torre da Homenaxe albergan as

coleccións de armas brancas e de fogo, destacando unha armadura de placas de hasta, outra de guerreiro samurai, dagas, machetes, espadas, revólveres de percusión, de tambor ou de chispa, fusís, canóns, etc. No terceiro piso sobresaie a cheminea renacentista que Vasco das Seixas mandou construír no século XVI, decorada a base de elementos zoomorfos e fitomorfos. A capela foi construída no século XVIII e ten un retablo do XIX con diversas imaxes populares.



Fig. 2. Oficios tradicionais

A realidade actual do Museo de San Paio de Narla, integrado na Rede Museística Provincial, xorde e mantense como parte dun proxecto vivo, o cal ten evolucionado de acordo ás necesidades da comunidade. Trátase dun museo no que o achegamento ás realidades de cada público permite a súa continua rexeneración.

O modelo de traballo da RMP vertébrase en torno a unha estrutura de xestión autónoma, profesional e participativa, que permite dotar a cada museo dun desenvolvemento máis sólido; establecendo redes para a distribución da cultura e a accesibilidade patrimonial.

Museo de San Paio como xénese da Rede Museística Provincial de Lugo en 1977.

A RMP constituída oficialmente no mes de xuño de 2006, aglutina ós catro museos dependentes da Deputación Provincial de Lugo. Sen embargo, poderíamos trasladar a xénese ou orixe da mesma a 1977. Ano no que Felipe Arias, por entón Director do Museo Provincial de Lugo, propuxo á Deputación Provincial que na Torre de Xiá se instalase “con carácter definitivo a Sección de Etnografía e Artes e Costumes Populares”. Compre recordar unha das mocións aprobadas polo XV Congreso Nacional de Arqueoloxía, celebrado en Lugo en setembro de 1977, na que se solicita á Deputación Provincial de Lugo “que tantas mostras tiña dado do seu interese pola arqueoloxía lucense, que acelere a preparación do Museo de Artes e Costumes Populares en San Paio de Narla, coa finalidade de desconxestionar de material etnográfico ó Museo de Lugo, para poder así proceder a completar a súa completa reforma e reestruturación co arranxo das novas técnicas e necesidades museolóxicas”. Foron necesarias varias propostas (1977, 1978 e 1979) ata que en agosto de 1980, a Corporación Provincial aprobou a redacción e posterior execución do proxecto de reforma e acondicionamento da Torre de Narla.

Felipe Arias destacou dous aspectos do Museo de Narla que ben poderían formar parte da liña de traballo seguida pola actual RMP, por un lado, facendo referencia ó centro como parte da nova tendencia que propoñía desconcentrar os museos e estruturalos en seccións, separándoas na procura dunha contorna máis axeitada para cada unha delas. Ademais de darlle un sentido máis lóxico e didáctico ás coleccións, evitábase a creación de “museos monstro” (con dimensións excesivas), para os cales se precisaban varias horas para ser visitados, “co conseguinte aproveitamento cultural, didáctico e ata científico do mesmo”. Tal e como sinalaba por aquel entón o director do centro, a reestruturación por seccións e incluso o desdoblamento de museos realízase en base a novos criterios non só museolóxicos, senón que tamén responde a fins socioculturais e de política cultural, mediante os cales se pretende conseguir un maior rendemento achegándose á integración no medio no que se asenta cada centro. Este é outro dos aspectos que fai referencia ás bases que sosteñen a estrutura

da RMP, o Museo de San Paio de Narla podía e debía cumprir a función de museo comarcal, “sempre e cando se cumpriran unhas garantías mínimas de seguridade, conservación, mantemento e actividade».

Primeiro plan do Museo de San Paio de Narla e a súa montaxe.

Inauguración como museo: 25-5-1983

Dirección: Felipe Arias

Equipo técnico: Antón Rodríguez Casal, M^a Ángeles Penas Truque, María Luísa Raíces Núñez, María Carmen Sanchez Milão, M^a Elena Varela Arias, persoal do Museo Provincial de Lugo e un especial recordo a Luis Gómez Pacios.

O proxecto comezou coa posta en servizo da planta baixa do edificio, co acristalado das arcadas do patio e outras dependencias. Levouse a cabo unha renovación de pisos, teitos, equipamento eléctrico e outras reformas que posibilitaron a nova instalación museística. A fortaleza comezou a recibir pezas en abril de 1983, aínda que a súa inauguración non tería lugar ata o 25 de maio.

Os fondos e materiais escollidos foron resultado dun proceso de selección, tendo presente a idea teórica e as posibilidades do novo museo. Baixo a dirección de Felipe Arias, con persoal e medios da Deputación de Lugo, e licenciados colaboradores do museo, trasladáronse as seccións de mobiliario, armería, etnografía, material de tecer, escribanía e cociña; dende o Museo de Lugo. Aproveitando o traslado das coleccións, Antón R. Casal encárgase de elaborar un novo inventario, que permite clasificar en seccións cada peza.

A pesar de que a primeira idea na que se traballou centrábase en dispoñer na Torre de Xiá só os materiais propiamente etnográficos, ó valorar as posibilidades do edificio decidiuse ir máis alá dos aspectos etnográficos, prestando maior atención a “historia material”. O Museo de San Paio de Narla trataba de amosar o que sería unha Torre-Pazo característica da sociedade feudal e, posteriormente, señorial de

Galicia. Presentábase o grupo social dedicado a coidar o gando, traballar no campo e en oficios artesanais, xunto coa vida dos propietarios, como se divirten, cazan e pelexan.

“Sempre se tivo presente que o intento de reconstrución de xeito verosímil e entendible non debía impedir que o mesmo marco servira para a exposición de materiais e fondos nun sentido museístico tradicional (serie de camas, paneis e vitrinas expositoras, etc.), xa que tanto coma na contorna histórica da Fortaleza importábanos poder utilizar esta como salas permanentes para montar seccións. San Paio de Narla, polo momento é a recreación dun ambiente e dunhas determinadas formas económicas e sociais, con plasmación do grupo dos produtores e dos propietarios”¹.

Novo proxecto de museo, San Paio de Narla 2000-2017. A participación do museo no proceso de construción comunitaria.

Dirección: Encarna Lago González

Equipo técnico: Rosario Fernández responsable do Departamento de Etnografía e Artes Decorativas do Museo Provincial de Lugo.

Departamento de Didáctica: Francisca Abuín Villar

Departamento de Vixilancia e atención ao visitante: Jesús González LÓPEZ e Ana María Ferro Fernández

Departamento de Limpeza: Mari Carmen Prado Penas.

Logo de facer unha investigación interna e externa que permitiu analizar a situación de partida, revisando os valores de misión/visión como museo no ano 2000, marcáronse as liñas e estratexias de naturalización, realizando unha planificación a curto, medio e longo prazo. No ano 2003, vinte anos despois da súa inauguración como museo, o 25 de maio inaugúrase unha renovación integral do Museo de San Paio de

1 ARIAS, Felipe. (1984): “El Museo etnográfico e histórico de San Paio de Narla, Friol”. Lugo: *Boletín do Museo Provincial de Lugo*, N^o 2, pp. 211-228.

Narla, levada a cabo por Rosario Fernández. Segundo sinala a responsable do novo proxecto museolóxico:

“No relativo ós fondos que alberga a Fortaleza de San Paio de Narla, no ano 2000, levouse a cabo a primeira desinsectación total do edificio, xunto cun profundo labor de restauración dunha escolma de pezas que así o precisaban. Trátáronse, maioritariamente, obxectos de madeira policromada, case todos de máis de tres séculos de antigüidade, os cales se atopaban seriamente danados polas desfavorables condicións de conservación preventiva que existían no museo. Así mesmo, comezouse un arduo traballo de estudo das coleccións que resultaba imprescindible, xa que o centro contaba unicamente cun inventario de coleccións. Para iso, e dada a heteroxeneidade dos conxuntos alí expostos, leváronse a cabo colaboracións con especialistas doutros museos (Museo da Pel, Téxtil, do calzado, de Artes Decorativas) xunto con colectivos como o Corpo de Artificieiros, a Garda Civil ou o Corpo Nacional de Policía, para cotexar datos no estudo de coleccións tan especializadas como son as armas de fogo ou brancas. Deste xeito conséguese ter todos os fondos museográficos expostos, perfectamente documentados coa descrición científica, datación e procedencia que deben ter.

Do mesmo xeito, procedeuse a desenvolver toda unha museografía acorde ós novos tempos, na que prima a preocupación por reunir todas as condicións ideais de conservación preventiva que garantan a seguridade das coleccións (evitar furtos, control de temperatura e humidade, preservación de ataques de xilófagos...) á vez que faciliten o deleite estético.”

Fotografías nas que se reflicte a evolución do proxecto museolóxico:



Fig. 3 e 4. Cabalerizas



Fig. 5 e 6. Ofícios tradicionais

Fig. 7 e 8. Adega



Fig. 9 e 10. Armas de fogo

Fig. 11 e 12. Terceiro piso da Torre da Homenaxe

O Museo Fortaleza de San Paio de Narla é un novo museo que racha día a día co modelo museístico tradicional, no que poñemos en cuestión numerosos axiomas. Tratamos de ser sensibles e innovadores xestionando coa comunidade pero sen renunciar a ningunha das funcións que como museos nos foron encomendadas, comezando pola conservación e seguindo pola investigación, a educación e a difusión.

Creación en 2006 da RMP á que se adscribe o Museo Fortaleza de San Paio de Narla.

Con estes antecedentes e a pretensión de unificar criterios e obxectivos, incentivando a colaboración, optimizando os recursos, mellorando a comunicación e tratando de que os catro museos que dependen da Deputación Provincial de Lugo, podan selo de acordo á definición de "Museo" do ICOM, créase a Rede Museística Provincial de Lugo.

Fases do proceso administrativo de creación da rede:

Primeira: Deséñase e elabórase pola Xerencia da RMP unha proposta que eleva ó Sr. Presidente da Deputación, na que se detalla a necesidade da Rede e dunha reestruturación dos novos departamentos.

Segunda: Dáselle forma no instrumento organizativo que dispón a Deputación Provincial de Lugo á RPT (Relación de Postos de Traballo). Créase a Rede Museística Provincial como a Unidade 8 da RPT da Deputación, someténdose a súa aprobación ó Pleno de Xuño de 2006, saíndo publicado no BOP do 30 de setembro de 2006, xunto co Regulamento de Postos de Traballo.

Estratexias comunitarias no Museo de San Paio de Narla dentro da RMP.

Os museos son profesionais, coleccións, edificios e comunidade. Da demanda social establécese a clave na relación entre público e institución. "Somos territorio, patrimonio, comunidade, persoas, identidade, conexións, construcións, conectividades, corresponsabilidade, compromiso ... somos Museos".

Dende a RMP prográmase con/para a comunidade. Programar coa comunidade permite coñecer as súas necesidades, comprendendo de que xeito se debe comunicar, como sinte e como actúa o público do museo. Dáselle poder, ampliando a voz cívica e creativa do terceiro sector, construíndo capital social por medio das conexións que permiten crear vínculos e lanzar pontes. Co traballo da Rede propiciouse a cultura de participación real, que trata de converter a cada centro nun museo inclusivo.

Consideramos as comunidades de persoas como o eixe estratéxico esencial para o funcionamento de base da Rede Museística, en xeral, e do Museo de San Paio de Narla en particular. As persoas non só deben ser tidas en conta como "visitantes" dun museo, senón como un axente activo, comprometido e participativo; deste xeito as institucións deberán dotarse coas ferramentas axeitadas que lles permitan recibir o *feedback* da comunidade. Do mesmo xeito, o persoal da RMP implícase no compromiso social marcado pola institución, participando na integración de colectivos, escoitando, reflexionando e traballando con/para a comunidade.



Fig. 13, 14, 15 e 16. Actividades coa comunidade



Fig. 17 e 18. Actividades coa comunidade

Dende a primeira apertura do Museo de San Paio de Narla son moitas as persoas que pasaron polos diferentes postos do centro, todas elas exemplo de eficacia e eficiencia no cumprimento do servizo público. Gracias ó seu traballo, o centro tense convertido nun museo aberto, participativo e cheo de vida.

Bibliografía

ARIAS, Felipe. (1984): "El Museo etnográfico e histórico de San Paio de Narla, Friol". Lugo: *Boletín do Museo Provincial de Lugo*, Nº 2, pp. 211-228.

ALONSO, J.A.; DÍAZ, J.; PIÑEL, C. (2006): "Teoría y Praxis de la Museografía etnográfica". *Actas del I Congreso Internacional de Museografía Etnográfica*. Zamora.

Webgrafía

http://redemuseisticalugo.org/spn_presentacion.asp?mat=3. A cargo de Antonio Reigosa. Responsable de Comunicación Rede Museística.

<http://redemuseisticalugo.org/documentos.asp?mat=149&id=2604>. A cargo de Fernando Arribas. Responsable de Difusión Rede Museística.